



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 544

VIII legislatura

22 de setembro de 2011

## SUMARIO

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### 1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1 Leis e outras normas

##### 1.1.4. Convenios e acordos de cooperación con comunidades autónomas

Ratificación polo Parlamento de Galicia do Convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e outras comunidades autónomas para o intercambio de información sobre a identidade de persoas inscritas nos rexistros de parellas de feito ou de similar natureza [08/CCAA-008 (66031)] [158388](#)

#### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.2.1. Proxectos de lei

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 21 de setembro de 2011, pola que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2012-2016 [158388](#)

Asignación a Comisión do Proxecto de lei reguladora da política industrial de Galicia (08/PL-0034/70036) [158388](#)

### 7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

#### 7.3. Organización e funcionamento do Parlamento

##### 7.3.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 27 de setembro de 2011, ás 10.00 horas) [158389](#)

### 9. Informacións e correccións de erros

#### 9.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 543, do 21 de setembro de 2011, da Pregunta oral en Comisión polo procedemento de urxencia núm. 08/POC-7694 (70426) (70508) [158393](#)

## 1. Procedementos de natureza normativa

### 1.1 Leis e outras normas

#### 1.1.4. Convenios e acordos de cooperación con comunidades autónomas

**Ratificación polo Parlamento de Galicia do Convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e outras comunidades autónomas para o intercambio de información sobre a identidade de persoas inscritas nos rexistros de parellas de feito ou de similar natureza [08/CCAA-008 (66031)]**

A Mesa do Parlamento de Galicia, na reunión do 13 de xuño de 2011, admitiu a trámite o Convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e outras comunidades autónomas para o intercambio de información sobre a identidade de persoas inscritas nos rexistros de parellas de feito ou de similar natureza e acordou abrir un prazo dun mes desde a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para os efectos de que os grupos parlamentarios formularsen, se fora o caso, reparos.

O referido convenio foi publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 490, do 15 de xuño de 2011, e unha vez constatado que non se formularon reparos polos grupos parlamentarios, a Mesa, na reunión do 20 de setembro de 2011, acorda:

- 1.º) Tomar coñecemento da non formulación de reparos.
- 2.º) Comunicarlles a ratificación do convenio á Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios.
- 3.º) Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2011

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta

### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

#### 1.2.1. Proxectos de lei

**Resolución da Presidencia do Parlamento, do 21 de setembro de 2011, pola que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2012-2016**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 70881, o escrito do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego polo que se solicita a prórroga do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2012-2016.

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo –o día 24 de setembro de 2011–, antes das próximas reunións da Mesa e da Xunta de Portavoces, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 13 de xullo de 2009, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 48, do 13 de xullo de 2009), resolve:

- 1.º) Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 70881, presentado polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
- 2.º) Prorrogar, por segunda vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2012-2016 ata o día 29 de setembro de 2011, ás 18.30 horas.
- 3.º) Darlles conta deste acordo á Mesa e á Xunta de Portavoces nas vindeiras reunións que teñan lugar.
- 4.º) Notificarlles este acordo aos grupos parlamentarios.
- 5.º) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2011

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta

**Asignación a Comisión do Proxecto de lei reguladora da política industrial de Galicia (08/PL-0034/70036)**

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 20 de setembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Asignación a Comisión:

- 08/PL-0034(70036)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Reguladora da política industrial de Galicia  
BOPG núm. 537, do 13.09.2011

Logo de oída a Xunta de Portavoces, asígnase á Comisión  
6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2011  
Pilar Rojo Noguera  
Presidenta

## 7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 7.3. Organización e funcionamento do Parlamento

#### 7.3.3. Convocatorias

#### Sesión plenaria (día 27 de setembro de 2011, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 27 de setembro de 2011, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 20 de setembro de 2011, a orde do día da sesión é a seguinte:

#### Punto preliminar

Elección dun membro do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia

#### 1. Textos lexislativos

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia 08/PL-0027 (64321)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 462, do 03.05.2011

Publicación ampl. prazo presentación emendas articulado, BOPG núm. 473, do 19.05.2011

Publicación asignación Comisión, BOPG núm. 473, do 19.05.2011

Publicación ampl. prazo presentación emendas articulado, BOPG núm. 481, do 31.05.2011

Publicación emendas ao articulado, BOPG núm. 491, do 16.06.2011

Publicación informe de Ponencia, BOPG núm. 553, do 07.09.2011

Publicación ditame de Comisión, BOPG núm. 537, do 13.09.2011

Publicación emendas e votos particulares, BOPG núm. 537, do 13.09.2011

#### 2. Comparecencias en Pleno

08/CPP-0287 (69025)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Do Sr. conselleiro do Medio Rural, para informar sobre o desenvolvemento da campaña de máximo risco de incendios forestais en Galicia no ano 2011

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 534, do 08.09.2011

#### 3. Mocións

3.1 08/MOC-0124 (70698)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a presenza de Galicia na reestruturación da caixa de aforros galega Novacaixagalicia. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 60415, publicada no BOPG núm. 421, do 02.03.2011, e debatida na sesión plenaria do 13.09.2011)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 543 f.3, do 21.09.2011

3.2 08/MOC-0125 (70699)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Caride Estévez, María José

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da aplicación da fórmula de financiamento de prezo privado-copago na prestación de servizos públicos básicos, nomeadamente de servizos sanitarios. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 63349, publicada no BOPG núm. 445, do 06.04.2011, e debatida na sesión plenaria do 13.09.2011)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 543 f.3, do 21.09.2011

3.3 08/MOC-0126 (70705)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Méndez Romeu, José Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar o capital humano de Galicia, as áreas prioritarias e os obxectivos principais, así como o nivel de recursos que debe destinar para eses fins. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 62410, publicada no BOPG núm. 441, do 30.03.2011, e debatida na sesión plenaria do 13.09.2011)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 543 f.3, do 21.09.2011

## 4. Proposicións non de lei ante o Pleno

## 4.1 08/PNP-0742 (46743)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel, e catro deputados máis  
Sobre a implantación dun modelo de xestión que permita renovar a alta tecnoloxía dos centros hospitalarios da Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 309, do 09.09.2010

## 4.2 08/PNP-1247 (66947)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre a racionalización do uso, número e asignación de vehículos do parque móbil da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 513, do 28.07.2011

## 4.3 08/PNP-1295 (68506)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román, e catro deputados máis

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia das medidas pertinentes orientadas a posibilitar o desenvolvemento de microáreas empresariais

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 534, do 08.09.2011

## 4.4 08/PNP-1351 (69569)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo, e tres deputados máis

Sobre a retirada e reformulación da Instrución 1/2011, do 27 de xuño, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, relativa ao funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2011-2012

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 539, do 15.09.2011

## 4.5 08/PNP-1367 (69828)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a convocatoria da Mesa do Viño para o establecemento da interlocución necesaria entre os operadores do sector co fin de lograr un acordo de homologación de contrato de compra-venda de uva nas denominacións de orixe do *Ribeiro*, da *Ribeira Sacra* e de *Monterrei*, para a campaña de 2011

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 539, do 15.09.2011

## 4.6 08/PNP-1358 (70003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luísa

Sobre a reposición dos servizos de transporte sanitario eliminados ou recortados, así como a súa reorganización para mellorar a súa prestación sen recortar os seus efectivos actuais

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 539, do 15.09.2011

## 5. Interpelacións

## 5.1 08/INT-0880 (68272)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rego González, Ismael, e tres deputados máis

Sobre a valoración do Goberno galego sobre a situación urbanística de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 534, do 08.09.2011

## 5.2 08/INT-0906 (68776)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre a situación da pobreza en Galicia e a xestión da renda de integración social (risga)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 534, do 08.09.2011

## 5.3 08/INT-0914 (68879)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre os recortes do Goberno galego no ensino público e o incremento dos concertos educativos con centros privados para o curso 2011-2012

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 534, do 08.09.2011

## 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

## 6.1 08/POPX-0084 (70744)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a valoración da Xunta de Galicia da situación do sistema financeiro galego

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 543 f.3, do 21.09.2011

## 6.2 08/POPX-0085 (70746)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Fernández, Manuel

Sobre as medidas que se están a tomar para garantir as prestacións dos servizos básicos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 543 f.3, do 21.09.2011

## 7. Preguntas orais ante o Pleno

### 7.1 08/POP-2887 (70741)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo, e dous deputados máis

Sobre o estado de execución do convenio asinado co Concello de Pontevedra para a construción do novo edificio xudicial na zona da Parda (art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 543 f.3, do 21.09.2011

### 7.2 08/POP-2737 (68627)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro, e Rodríguez González, Román

Sobre as xestións do Goberno galego para arranxar os problemas dos sistemas de cobro das autovías lusas

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 534, do 08.09.2011

### 7.3 08/POP-2569 (66797)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María, e Burgo López, María Concepción

Sobre a incidencia da eliminación no ano 2011 das axudas para proxectos de investigación no nivel do sistema de ciencia e tecnoloxía de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 506, do 15.07.2011

### 7.4 08/POP-2843 (70013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e dous deputados máis

Sobre o pechamento dunha aula de educación infantil no centro de ensino público Ben-Cho-Sey, no concello do Pereiro de Aguiar, ao tempo que se acorda financiar con recursos públicos o concerto de dúas novas unidades en centros privados dese concello

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 539, do 15.09.2011

### 7.5 08/POP-2511 (66088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luísa, e dous deputados máis

Sobre os motivos da paralización na que se atopa o Plan director do Complexo Hospitalario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 496, do 23.06.2011

### 7.6 08/POP-2778 (68858)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pose Mesura, Modesto, e Acuña do Campo, Carmen

Sobre os criterios seguidos pola Consellería de Sanidade para a redución do transporte sanitario urxente

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 534, do 08.09.2011

### 7.7 08/POP-2836 (69818)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a desaparición do *Códice Calixtino*

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 539, do 15.09.2011

### 7.8 08/POP-2784 (68904)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta

Sobre a incidencia dunha nova carteira de servizos na mellora da promoción da autonomía persoal e da atención á dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 534, do 08.09.2011

### 7.9 08/POP-2774 (68835)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia, e dous deputados máis

Sobre o uso, o día 1 de agosto de 2011, dun helicóptero dedicado á loita contra os incendios forestais para o traslado dos técnicos da *Copa Davis* á Cidade da Cultura

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 534, do 08.09.2011

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto nos artigos 151.2 e 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

## 9. Informacións e correccións de erros

### 9.2. Correccións de erros

**Corrección de erros na publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 543, do 21 de setembro de 2011, da Pregunta oral en Comisión polo procedemento de urxencia núm. 08/POC-7694 (70426) (70508)**

Advertido un erro na publicación da Pregunta oral en Comisión polo procedemento de urxencia núm. 08/POC-7694 (70426) (70508), pola omisión da inserción do documento facsimilar núm. 70426 no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 543, fascículo 1, do 21 de setembro de 2011, procédese á súa publicación.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2011

Xose Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Francisco Cerviño González, Guillermo Meijón Couselo e Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta urxente oral en Comisión.**

**A urxencia vén motivada pola proximidade das datas nas que se debería celebrar a Feira Galega das Artes Escénicas**

A Feira Galega das Artes Escénicas leva desenvolvéndose 18 anos consecutivos e constitúe o mellor escaparate da propostas escénicas das compañías galegas e un espazo de mercado para a súa contratación, dado que é un encontro entre creadores e programadores, propietarios de salas, produtores, distribuidores, prensa especializada..., sendo, polo tanto, un apoio fundamental para a distribución das artes escénicas de noso país.

De feito, na edición do ano 2010, a Agadic, organizadora das últimas edicións, mantiña textualmente, que a Feira era “a plataforma idónea desde a que expoñer o seu potencial artístico e establecer contactos esenciais para favorecer a súa presenza nas carteleiras da temporada... No actual contexto económico, todos os esforzos diríxense a procurar unha maior rendibilidade económica e social da produción escénica galega, buscando consolidar, ou mesmo incrementar, o nivel de compravenda de espectáculos ao tempo que se incentiva a súa distribución fóra de Galicia, a través do programa de bonificacións á contratación exterior.”

Pero, como unha nova mostra da ineficacia da Consellería de Cultura e Turismo e da Agadic e da improvisación que guía todos os seus actos, nestas datas, mediados de setembro, non se sabe si haberá unha nova edición da Feira no mes de outubro de 2011. Seguindo a súa práctica habitual, o Sr. Fasero, director da Agadic, multiplica as súas declaracións dicindo tan pronto que si organizará a Feira, como que este ano non haberá.



Grupo Parlamentario

Tan pronto promete a Escena Galega que contarán con unha nova edición, como afirma que a fará pero “baixo un novo modelo organizativo e de xestión que responda ás necesidades reais de difusión dos espectáculos producidos en Galicia” pero sen dicir en que consiste este modelo. E fai estas declaración en xullo, cando xa debería estar pechado o proceso de selección das compañías que participarían na feira.

De feito, fai un ano, Juan Carlos Fasero, director da Agadic, xa manifestou a súa intención de modificar o formato da Feira pero durante un ano foi incapaz de trasladar ao sector unha proposta nova que puidera ser consensuada.

E absolutamente inasumible que os responsables da organización, a Agadic e a Consellería de Cultura, teñan este nivel de irresponsabilidade e ineficacia.

Nas súas últimas declaracións deste mes de setembro, o sr Fasero afirma que non celebrará a Feira das Artes Escénicas, cambiándoa por unha “proposta de mínimos” da que tampouco da mais datos. As contradicións nas súas manifestacións son evidentes. Afirma que a Feira non estaba a cumprir os obxectivos necesarios de venta de producións escénicas no exterior e para conseguir aumentalo non se lle ocorre mais que anular a feira para facer algo que a 15 días do seu comezo aínda non se sabe que é, cando o que habería que facer era apoiar a Feira para facela mais competitiva de acordo co sector.

A realidade é que a Agadic e a Consellería de Cultura e Turismo reduciu o orzamento para dita Feira de 180.000 € a 50.000 €, menos dunha terceira parte do destinado no ano anterior. É claro que con este presuposto non se pode poñer en marcha una Feira das Artes Escénicas, e polo tanto o que fan é anulala. Pero o problema non está na falta de fondos da Consellería nin na crise actual. A Consellería destina cantidades moito maiores a espectáculos diversos, moito deles sen reflexo nas industrias culturais galegas nin sobre os nosos creadores, espectáculos efémeros que nin crean público nin deixan beneficio.





Grupo Parlamentario

Consideramos inadmisibile que se pretenda destinar esta cantidade tan cativa para un evento que o sector teatro considera indispensable, sobre todo cando os fondos destinados ás artes escénicas se están reducindo máis dun 40%, e non existe ningunha política activa para impulsar un sector fundamental para a nosa cultura e importante dende o punto de vista económico e de creación de emprego.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Unha vez mais podemos observar as mentiras do sr. Conselleiro de Cultura que non deixa de afirmar que o importante para os nosos creadores e a distribución e a comercialización pero logo reduce ata case a extinción os orzamentos dedicados a estas actividades.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Vai a celebrarse a XIX edición da Feira Galega das Artes Escénicas en outubro de 2011?
- 2.<sup>a</sup>) Se non se celebra, cales son os motivos da súa anulación?
- 3.<sup>a</sup>) Considera o sr Conselleiro de Cultura e Turismo importante que as artes escénicas contén con un espazo de exhibición e distribución? Cal vai ser?
- 4.<sup>a</sup>) Cal é a política de axuda á distribución e comercialización das artes escénicas galegas por parte da Consellería de Cultura e Turismo e a Agadic?
- 5.<sup>a</sup>) Considera que é aceptable facer un presuposto de 50.000€ para a Feira das Artes Escénicas?
- 6.<sup>a</sup>) Considera que é aceptable que durante un ano non foran capaces os responsables da Consellería de Cultura e a Agadic de organizar e presentar un proxecto novo para a Feira das Artes Escénicas?



Grupo Parlamentario

7.ª) Saben xa, un ano despois, cal é o “ novo modelo organizativo e de xestión que responda ás necesidades reais de difusión dos espectáculos producidos en Galicia”?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2011

Asdo.: Concepción Burgo López  
Francisco Cerviño González  
Guillermo Meijón Couselo  
Xoaquín Mª Fernández Leiceaga  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Concepción Burgo López na data 13/09/2011 11:26:43**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 13/09/2011 11:26:54**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 13/09/2011 11:27:00**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/09/2011 11:27:06**

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
    - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
    - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
    - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
  2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
    - 2.1 INVESTIDURA
    - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
    - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
  3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
    - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
    - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
    - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
    - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
    - 3.5 MOCIÓNS
    - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
      - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
      - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
    - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
    - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
  4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
    - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
    - 4.2 INTERPELACIÓNS
    - 4.3 PREGUNTAS
    - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
    - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
  5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
    - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
    - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
    - 5.3 VALEDOR DO POBO
    - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
    - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
  6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
    - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
    - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
    - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
    - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
    - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
    - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
    - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
    - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
    - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
    - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
    - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
  7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
    - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
    - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
    - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
  8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
    - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
    - 8.2 PERSOAL
    - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
  9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
    - 9.1 INFORMACIÓNS
    - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727